

**Plan de Actuación Integrado de Ponteareas**

Páxina 3

**BNG e PSOE abandonan un tenso pleno**

Páxina 3

**Nova pechadura electrónica no Pavillón de Ponteareas**

Páxina 5

**107.959€ para as traídas de augas**

Páxina 5

**“Inesquecible” Gala do Ciclismo Galego**

Páxina 8

**Luis Piña será tamén deputado no Congreso**

Páxina 9

**Comezan as obras do novo Auditorio de O Porriño**

Páxina 11

**Acordo definitivo para a Cidade Deportiva Afouteza**

Páxina 13

**Zona Franca ampliará naves na PLISAN**

Páxina 16



## O apartadeiro da PLISAN afecta a propietarios de Salvaterra e As Neves

Páxina 16

**Loli Castiñeiras: “Esta será a legislatura da ‘segunda transformación’ de Salceda”**

Páxina 15



DEL 16 de ENERO al 15 DE MARZO de 2025

# Rebajas

Hasta **55%** Dio.

**Plan RENOVE**

**Star days**  
Siempre pensamos en ti

**pikolin** Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

**BOINSCON CENTER**

**euronics** Concha Brey, 4 PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52

## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## Daquí, dalá e dacolá

Cada vez que me toca facer un editorial teño verdadeiros problemas. Son tantos os temas dos que se poden falar que resulta difícil decidir: guerras interminables, políticos que teñen fame de terneiros e queren invadir países, guerracivilistas que están enloquecidos por volvernos a meternos nas cavernas da política, políticos que resisten como gato panza arriba todo o que lle voten....En fin, que xa me dirán vdes. por onde comenzar. Pero como hai que facelo mellor ofrecerlles unha especie de popurri aquí e dacolá para que logo cada quen se entenda o que entenda pode serlle útil.

O novo Presidente americano é como din na miña aldea "coma un porquiño"; aproveitáselle todo. Apenas chegou ao Poder de novo comezou asinando ordes e máis ordes de todo tipo. As que podía facer e as que non. Iso a el pouco lle importa. O mundo votouse a tremer porque puxo en cuarentena tódolos difíciles equilibrios que ata este momento se foran fraguando entre os países e os continentes. El vai ao seu: aumentar os seus negocios e o demais pouco lle importa. Se América (a súa América, claro) vai ben os demais que se acomoden como poidan. A UE anda dando paus de cego sen atreverse a erguela voz por se o león se esperta demasiado.

Se nos atrevemos a entrar no mundo dos novos medios de comunicación, mellor dos novos medios de intoxicación, entón xa non se sabe ben en qué mundo vivimos. Os que xa peiteamos ruzas dende fai un



montón de anos resúltanos de difícil comprensión todo este mundo informativo que non precisa fontes auténticas, formas correctas nin verdades que mostrar. O que fai falta é embarrar o patio para que todos nos deamos o trompazo do século. Só os que nos camiñan por esos eidos se salvan. Quen se ateve a ignorar a súa existencia se todo se coce neses pucheiros das mans de cociñeiros sen escrúpulos e sen conciencia de nada. Ver como un muchacho ou muchacha de apenas poucos anos xa imparte cátedra é algo demencial.

Os vellos rockeiros tivemos que pasarnos, e aínda seguimos, moitas horas para fa-

cernos cunha mínima formación que nos permitira defender o noso posto de traballo dignamente. Agora todos engulimos, tragamos uns produtos cociñados por uns cociñeiros que nen sequera saben encender o lume. Pero teñen detrás a miles, a millóns de lectores que lles aplauden coas orellas.

Os partidos políticos de vella usanza non saben ben que facer con estes maremotos que os anegan por completo. Teñen o Poder histórico pero non teñen o aplauso de millóns de cidadáns que seguen a estes novos deuses como se dunha nova relixión se tratara.

Cada día cando nos erguemos e nos adentramos no mundo da información podemos almorzar coas novas máis disparatadas. Pero que saen da boca de políticos que, en teoría, deberan ser o modelo de rigor, de tranquilidade política, de reflexión. Nada diso. Se un youtuber, ou como se diga, de poucos anos, tal vez imberbe, publica que calquera cidadán membro dun partido que non lle agrada pinchou na carretera preto de certos edificios tal vez, dín eles, estivera alí para algo diferente; cecais para espiar ao inimigo, para facer fotos a fachada da súa casa, etc. Iso non se pode permitir; hai que denunciálo xa. E os dirixentes políticos entran ao trapo e saen en TV todos facendosos anunciando que van tomar medidas de inmediato. Se o di un novo gurú da información, "iso debe ser verdade e hai que ir a por todas".

Nos debates que podemos presenciar nas Cortes do Estado atopámonos con cada exemplar que non sei se dan medo ou se dan pena. Soben ao estrado e soltan a barbaridade maior que se lle ocorre naquel momento. Os aplausos non poden faltar. O político de turno séntese realizado e sorrir como se rematara de expoñer o principio da orde universal que se asoma polo horizonte dos novos mundos mundiais.

Que podemos facer os demais? Pouca cousa. Sufrir en silencio ou cabreados con nós mesmos porque eles, os culpables, escóndense detrás dese novo mundo que se nos ven enriba e contra o que non temos defensa.

**RESTAURANTE**  
*Pizzeria*

**SAN MARTÍN**  
*desde 1994*

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10  
36860 PONTEAREAS  
sanmartinrestaurante@gmail.com

Tel.: 986 640 211  
Móvil: 629 614 508

**LIMPIEZAS**  
**PONTEAREAS**

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,  
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com  
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

**FORO A PENEIRA**

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

## PONTEAREAS

## O cartaz do Corpus no FITUR 2025

Alcaldesa Nava Castro, xunto ao tenente de alcalde, Juan Carlos González, ao concelleiro de Turismo, Nicolás Rodríguez e acompañados do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, presentaron no stand de Galicia do FITUR 2025 o cartel do Corpus Christi 2025. Durante a Feira, a alcaldesa convidou ao alcalde de Madrid, José Luis Martínez, á participar nas celebracións do Corpus Christi. En FITUR tamén se presentou a XIII edición do Festival Groba.



Declarada Ben de Interese Cultural e de Interese Turístico Internacional, o Concello posiciona así a festa do Corpus Christi na

cita máis importante do sector Turismo e resolve unha demanda histórica das e dos alfombristas. Máis de 170 anos recollidos en

documentos históricos respaldan o querer das alfombras de Corpus á procura do recoñecemento da UNESCO.

## BNG e PSOE abandonan un tenso pleno

Un accidentado pleno municipal este 28 de xaneiro no Concello de Ponteareas evidenciou a tensión política existente rematando co abandono do BNG e do PSOE acusando á Alcaldesa Nava Castro de "actitudes antidemocráticas" por presuntamente "alterar o funcionamento democrático da sesión plenaria" en relación ás quendas de palabra e intervencións do/as concelleiro/as.

"Non imos tolerar as mentiras descaradas nin os ataques infundados do goberno da dereita coa intención de crisar os plenos e de despreñar unha cortina de fume que oculte o desastre da súa acción de goberno", sinalaron BNG e PSOE.

Mediante comunicado, o goberno municipal presidido por Castro lamentou e condenou a "deriva na que está sumido o BNG de Ponteareas" criticando a súa postura de interromper e non deixar terminar a intervención



completa do voceiro do Grupo Municipal do PP, Francisco José Represas. Considerou o goberno municipal que esta "actitude pueril" do BNG "prexudica gravemente á imaxe do Concello" debido ao incumprimento do Regulamento Orgánico Municipal.

Tralo abandono do BNG e PSOE, Castro outorgou a quenda de intervención a Ponteareas en Común para avanzar na orde do día do pleno.

BNG e PSOE denunciaron que Nava Castro aproveitou a sesión para utilizar "un novo sistema tecnolóxico co que impide que as concelleiras e concelleiros poidan activar os micrófonos para defenderse das acusacións do goberno". Toda vez criticaron a actitude de Castro de "permitir ao portavoz do PP verter difamacións e calumnias sobre a labor e compromiso do anterior goberno do BNG e o PSOE en Ponteareas".

## Plan de Actuación Integrado

O Concello de Ponteareas mantivo un encontro participativo coa cidadanía para o deseño do Plan de Actuación Integrado (PAI) que presentará na nova convocatoria de fondos FEDER da Unión Europea, co foco en iniciativas de carácter ambiental, económico e social coa finalidade de crear un novo modelo de transformación urbana a partir da Axenda 2030.

Estas iniciativas contemplan: a creación de vivenda social; dous novos centros de día en Xinzo e Guláns; dixitalización do conservatorio municipal; a

reforma da Baixada de San Gregorio; a dixitalización do conservatorio municipal de música, a renaturalización da praza Bugallal con elementos vexetais e zonas de sombra; a rehabilitación do edificio de servizos sociais da rúa Oriente para mellorar a súa eficiencia enerxética; a nova ubicación do servizo de Atención Temperá; novos equipamentos para a nova praza de abastos; a modernización da administración local cun visor web interactivo para consultar o PXOM e unha carpeta cidadá; a nova biblioteca pública municipal; e a renovación do museo de Ponteareas.

## Sanción contra a empresa prestadora do SAF

O Concello aprobou nun pleno extraordinario e por unanimidade sancionar á empresa Aralia Servicios Sociosanitarios, que presta o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), por 7 faltas graves e 2 moi graves cun importe de sanción económica de 52.500€.

Ademais aprobou a apertura dun expediente sancionador por importe de 53.433,60€ que per-

mite ao goberno municipal impo-  
r outro tipo de sancións como a incautación da garantía e a imposición de penalidades á entidade adjudicataria polo reiterado incumprimento das condicións do contrato.

A empresa atende o SAF dende o ano 2023. Na actualidade 80 persoas reciben asistencia nos seus fogares sen saír da súa contorna habitual

## Novo regulamento para os plenos

O Concello estableceu un novo Regulamento de Funcionamento para os Plenos no que especifica que as sesións plenarias celébranse o último martes de cada mes cunha duración máxima de 4 horas; a redución de 1 minuto na primeira ronda de intervencións, pasando de 6 min. a 5 min. por grupo

municipal; a representatividade de cada grupo político: ata 2 membros: 1 moción; 3 a 6 membros: 2 mocións; 7 membros ou máis: 3 mocións; Concelleiros/as non adscritos/as: 1 moción. Este sistema de proporcionalidade na presentación de mocións no pleno tamén se segue na Deputación de Pontevedra.

**Frutas CARLOS**

*"No comas menos, COME MEJOR"*

Tel: 986 661 663 - 606 207 967

Estrada Ponteareas- Mondariz - PONTEAREAS

**La Giralda**  
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

*Pasión por la Belleza*

Síguenos **FB**

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas  
986 660 477 / 660 860 645  
peluquerialagiralda@hotmail.com

**Nattex**  
Ponteareas

NATTEX PONTEAREAS  
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Ponteareas  
T. 986 175 033. M. 618 613 013  
nattexponteareas@gmail.com  
www.nattex.com

CADENA DE CALZADA

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Mellora enerxética no CRA A Picaraña

O goberno municipal reitera o seu firme compromiso co alumnado das aulas do CRA A Picaraña e ante o estado de abandono no que se atopaban as súas seis aulas buscando fondos para realizar obras de mellora enerxética.

O concelleiro de Ensino, Ricardo González, fixo fincapé en que estas aulas teñen máis de setenta anos e ao longo do tempo nunca se fixeron intervencións en eficiencia enerxética. A actuación contou co apoio da Deputación de Pontevedra a través dun in-



vestimento de 42.000€ na aula de Pías e tamén na aula de Ribadetea onde se investiron 22.000€ no cambio das ventás.

## Falece a exconcelleira Lola Covelo

BNG en Ponteareas expresou a súa inmensa tristura ante o pasamento de Dolores -Lola- Covelo, quen fora concelleira do BNG na corporación municipal entre 2021 e 2023, asumindo no goberno a responsabilidade de Infraestruturas Básicas. Firme defensora da sanidade pública, Covelo tamén participou nos movementos cidadáns na parroquia de Ribadetea.



## Ximnasio para o CEIP de Oliveira



BNG levou unha proposta a pleno municipal para dotar de ximnasio o CEIP Santiago de Oliveira, solicitar a comparecencia do concelleiro de Residuos, a mellora da EP-2703 ou elaborar unha

ampla programación cultural polo Ano Castelao. Tamén se congratulou como logro propio do anterior goberno bipartito a recente designación para Ponteareas como caso de éxito na xestión de biorresiduos.

## BNG: "propaganda do PP coas escolas"

BNG saíu ao paso das declaracións do concelleiro de Educación, nas que afirmaba estar traballando na mellora das aulas do Colexio Rural Agrupado (CRA) A Picaraña.

Tacha este anuncio de "propa-

ganda" ante as "reiteradas queixas das familias" e afirma que "a realidade é que cando o PP tivo nas mans un proxecto deixaron escapar a subvención lograda para facer os arranxos precisos" tras ser o proxecto aprobado polo Ins-

tituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) cunha subvención de 200.000€, dos que 70.000€ debían ser achegados pola Xunta. O goberno de Nava Castro "negouse a aceptar ese 25% de financiamento".

## Campaña para alugueres no rural

A concelleira de Benestar Social, Raquel Plana, presentou a campaña "Queres alugar unha vivenda?" de aluguer de vivenda baleira no rural dentro do Programa de Emerxencia e Inclu-

sión Social na que as Educadoras Sociais traballan para que as persoas poidan ter acceso a unha vivenda digna a través do acompañamento, apoio e intermediación. O Concello tamén xestiona axudas

para reactivar a vivenda nos barrios na zona ARI (Área de Rehabilitación Integral) que abrangue o centro histórico, un total de 74 edificios residenciais e 133 vivendas unifamiliares.

**LOVECARS**<sup>®</sup>  
www.lovecars.es

**A CASA DA TRIGA**  
RESTAURANTE  
Abrimos todos os días de 12 a 23:59h  
Praza Maior, 19 baixo  
PONTEAREAS *Non pechamos cocina*

**PONTECAMPER**  
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS  
☎ 667 40 19 07  
www.pontecamper.com

**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES  
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados  
hinos. durain s.l.  
www.forjadosduran.com

## PONTEAREAS

## Un éxito na xestión de biorresiduos

O Concello de Ponteareas, representado polo 2º Tenente de Alcaldesa e Concelleiro de Residuos Sólidos Urbanos, Jesús Cao, participou na xornada de presentación das axudas en materia de residuos municipais que se celebrou en Santiago de Compostela. O Concello asistiu convidado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático como caso de éxito na implantación da xestión de biorresiduos e quinto contedor.

Ponteareas relatou o seu proxecto "Implantación, ampliación ou mellora da recollida separada



de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia) grazas ao que

se evita a emisión de ata 7 tn de CO2 no centro urbano. No marco deste proxecto o Concello traballa xa con 300 voluntarios.

## Bombeiros a pleno rendemento no 2024

O parque de bombeiros de Ponteareas pechou o 2024 cun saldo de 881 intervencións a 31 decembro. Dezaeis profesionais atenden as emerxencias de nove concellos das comarcas do Condado-Paradanta.

O tenente de alcalde e concelleiro de Seguridade, Juan Carlos González, destacou o seu traballo en 81 incendios forestais, urbanos e industrias nestas comarcas, 61 accidentes nas estradas, 555 intervencións en recollida de arborado caído, desprendementos, ca-



bleado, 65 rescates de persoas e como voluntarios en situacións

de emerxencias como a acontecida pola DANA.

## Nova pechadura electrónica no Pavillón

O Concello implantou un sistema de pechadura electrónica nos pavillóns do complexo deportivo Álvaro Pino que permitirá unha mellor xestión dos espazos e a optimización dos recursos locais. A pechadura electrónica activa o acceso, a iluminación e facilita as reservas en remoto. Desta aplicación beneficiaranse os clubs de hóquei, baloncesto, os dous de patinaxe, bádminton e fútbol sala. Tamén fai uso da instalación Avelaíña.



## 107.959€ para as traídas de augas



O concelleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, Diego Calvo, presentou no salón de plenos do Concello de Ponteareas as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2025, na que fixeron entrega das placas das axudas concedidas a nove traídas de au-

gas de Ponteareas que acadaron un total de 107.959€ por labores realizadas nos vasos de depósitos, renovación de liñas de abastecemento, melloras nas infraestruturas e equipamentos e traballos de mantemento. En Ponteareas existen máis de 60 traídas de augas xestionadas por 27 asociacións veciñais.

## Poda de árbores no centro urbano



O Concello realizou traballos de poda de 353 árbores no centro urbano para evitar futuras incidencias e molestias. Foron empregadas

4 persoas apoiadas polo tractorista municipal e persoas dos programas de emprego da Deputación e da Xunta.



## CONDADO/PARADANTA

## 800.000€: cifra histórica para subvencións

O Concello aprobou no pleno celebrado o 28 de xaneiro o Plan Estratégico de Subvencións para o 2025, destinando unha cifra histórica que supera os 800.000€.

Son doce as liñas estratéxicas de posible actuación: Cultura, Música, Deporte, Educación, Mocidade, Terceira Idade, Turismo Social, Sanidade e Consumo, Medio Ambiente e Mobilidade, Participación Cidadá, Servizos Sociais e Vivenda e Embelecemento Urbano.

As entidades, axudas e eventos beneficiados son: Asociación de Alfombristas; CMVMC Xinzo; centros e casas culturais; Premio cartel promocional Corpus Christi; Concurso de gaítas do país; Premios entroido; Fundación Rogelio



Groba; Bandas de Música de Guláns, Xinzo e Ponteareas; deporte; Complexo Álvaro Pino. Peche COVID-19; Canon anual Pavillóns e alumeado Complexo Álvaro Pino; CMVMC Angoares; Axudas para a adquisición de libros e material escolar; Protectora de Animais "Os Biosbardos"; Deputación de

Pontevedra para a recollida de animais domésticos abandonados; Premios Balcóns Floridos; traídas de augas veciñais; grupos políticos; Solidariedade Galega co Pobo Saharaí; asociación AFAGA e Avelaíña; Cruz Vermella; emerxencia social; promoción da vivenda.

## BNG: "O Concello deixou sen executar 200.000€ en axudas"

O concelleiro nacionalista Xosé Carlos Vázquez sinalou que "o goberno de Nava Castro aprobou uns orzamentos para 2024 que destinaban 634.000€ a subvencións. Ao remate do ano, segundo puidemos comprobar, máis de 200.000€ quedaron sen executar, tal como recollen os propios documentos



municipais".

Destacou a eliminación do 30% de axudas para o deporte, dun 43% para emerxencia social e o 98% para axudas para libros e material escolar. Criticou que o goberno municipal quere facer propaganda co anuncio do plan estratéxico de subvencións para 2025 dotado con 800.000€.

## Un Conservatorio para a atención cidadá



O Concello realiza obras no conservatorio municipal para crear un novo espazo de administración e atención ás familias máis visible e cercano. A ampliación está destinada a servizos administrativos que quedarán conectados coa entrada do conservatorio a

través dunha fiestra.

Nava Castro e o concelleiro Ricardo González informaron das iniciativas para a actualización e modernización do conservatorio no que estudan 220 alumnos. Está a redactar un proxecto que contempla melloras tecnolóxicas e de novas ferramentas.

## +Provincia destina case 1M€ para Ponteareas e Salceda

Ao abeiro do programa +Provincia, a Deputación de Pontevedra aprobou destinar a Ponteareas 155.728 € para a contratación 10 persoas que se ocuparán das tarefas de peón de medio ambiente, auxiliar administrativo e técnico de

protocolo; outros 729.230€ para a execución das obras de mellora da mobilidade peonil na estrada provincial EP-4001; e 107.458€ para Salceda de Caselas para o proxecto básico e de execución do campo de fútbol Penedo Redondo.

**PINTURAS**  
**BARCO LEÓN**  
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES  
PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Poso Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza

**Fiosan**

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675  
fiosanconstruccion@gmail.com

Servizos técnicos forestais e obra do rural

**Xirela**

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071

**INMOBILIARIA**  
**MERCAVENDA**

Casas  
Locales  
Fincas  
Pisos

Ventas  
Alquileres  
Tasaciones  
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020  
Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas  
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

## BNG: “A Xunta debe asumir competencias nos conservatorios municipais”

A deputada e concelleira Cristina Fernández Davila vén de presentar unha proposición no Parlamento galego na que demanda que a Xunta asuma as súas responsabilidades en relación aos 23 Conservatorios Municipais de Música.

Davila criticou que o goberno do PP “está desentendéndose” dunha competencia que lle corresponde, forzando a Concellos como o de Ponteareas a asumir elevados custes para manter estes centros educativos, xerando “de-



sigualdades polas taxas moito mais elevadas” nes conservatorios municipais e “discriminación” co respecto a aqueles de titularidade autonómica, situados nas cidades e financiados pola Xunta.

## XI Festival Convergencias Portugal-Galicia



O concelleiro de Ensino e Letras nas Aulas, Ricardo González, participou na presentación da XI edición do Festival Convergencias Portugal-Galicia que conta cunha ampla programación composta por música, danza, teatro, cinema e literatura.

A cita terá lugar do 3 de febreiro ao 15 de marzo entre as localidades de Braga, Padrón, Ponteareas, A Estrada e Santiago de Compostela. O Festival chegará a Ponteareas o 15 de marzo no auditorio Reveriano Soutullo co

“Concerto fusão tradicional” con Canto D’Aquí e Rusga de S. Vicente. Este festival inclúe artistas como Ricardo Ribeiro, Artur Caldeira, Isabel Rei Sanmartín, Ana Sofía Carvalheada, José Moças, Daniel Pereira Cristo, Óscar Ibáñez ou a Banda Municipal de A Estrada, entre outros. Unha das citas máis destacadas será o tributo a José Afonso e Rosalía de Castro, onde actuarán o grupo Canto D’Aquí acompañados polos artistas Amancio Prada e Uxía e que terá lugar o vindeiro 23 de febreiro en Braga.

## Programa piloto contra o sedentarismo

A concelleira de Saúde e Benestar Social, Raquel Plana, presentou a última mesa da saúde na que, xunto aos centros educativos locais, levará a cabo o programa piloto “HEALTH4EUKids” para xerar hábitos de vida saudable e loitar contra o sedentarismo e a obesidade en menores entre 6 e 12 anos.

O programa, que se basea na aplicación dunha boa práctica que tivo lugar en Alemaña e que agora varios países reproducen a nivel local, está cofinanciado pola



Comisión Europea e a Xunta de Galicia. Conta coa colaboración de COGAMI, Atención Temprá, educadoras sociais municipais, Escola Infantil e a Fundación Se-

cretariado Xitano. O Concello adiantou que a Semana das Ciencias terá lugar os días 24 e 25 de abril e acollerá iniciativas propias do HEALTHEUKids.

## Entroido con premios

O Concello presentou o programa de actividades de entroido que, dotado con preto de 20.000€, terá do 22 de febreiro ata o 5 de marzo actividades para todos os públ-

cos: obradoiros, desfiles, xogos, concursos e premios de 12.000€ para as comparsas, 1.000€ para o concurso de disfraces de adultos e 600€ para o concurso de disfraces infantil.

**PAÑADERÍA A BROA CAFETERIA**  
 Puzo - San Mateo - Ponteareas  
 Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090  
 Despachos:  
 Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951  
 Salvaterra de Miño  
 C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

**Servicio integral a la construcción**  
 DERIVADOS DEL CEMENTO  
**COVELO** 986 644 036  
 www.covelo.cc  
 grupoluco@covelo.cc

**milfollas**  
 LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA  
 986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas  
 milfollas@mundo-r.com

**AREAL MADEIRAS**  
 986 64 25 95 - 626 686 277  
 arealmadeiras@gmail.com  
 arealmadeiras.com  
**SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS**

**Pauta MOTOR**  
 servicio integral para automovilismo  
 C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15  
 36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

**FRUTAS SANTY**  
 Almacen de Frutas, Verduras y Patatas  
 Telf: 986 669 979 - 679 340 335  
 Avda. Castelaio, 24 - Rúa Magnolio - PONTEAREAS

## CONDADO/PARADANTA

## “Inesquecible” Gala do Ciclismo Galego

A Gala do Ciclismo Galego, organizada pola Federación Ciclismo Galego conmemorou no Auditorio de Ponteareas os éxitos deportivos colleitados no 2024 e tamén os organizativos como o Campionato de Europa de Ciclocrós en Pontevedra.

Polo apoio institucional ao Europeo que tivo lugar no circuíto da Illa das Esculturas recibiron o recoñecemento da FCG a Xunta, o Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Mar. Tamén se distinguiu a dous medios de comunicación pola cobertura que ofre-



ceron do Campionato, ao Diario de Pontevedra e a Radio Pontevedra-Cadena Ser.

A nivel institucional outro galardón recaeu en Ponteareas, único municipio do mundo que conta

con tres gañadores da Vuelta España e que organizou en 2024 a última etapa do Gran Camiño, un tramo de La Vuelta Ciclista a España e este 2025 o Campionato de Galicia Ciclocrós.

## AporM: “o goberno do PP desperdicia 10.000€ en axudas ás asociacións”

Mónica Vázquez, conceleira portavoz de Alternativa por Mondariz (AporM), criticou que o goberno de Pablo Barcia (PP) non convocou ás axudas para a realización de actividades socioculturais cos colectivos sociais e agora eses 10.000€ destinados “deberán ser utilizados para amortizar débeda con entidades

de crédito” tomando en conta que, pechadas as contas do exercicio 2024, esas subvencións pasarán a remanente de Tesourería. Indicou que no 2023, estando no goberno, AporM convocou a estas axudas no mes de outubro tras ser aprobadas por decreto de alcaldía e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

## “O Villa de Pitanxo” en Chambo Libris



A pedagoga e investigadora social Isabel Elena Peleteiro Vázquez e o escritor José M. Solla-Santos presentaron na sede da Asociación Solidaria “Chambo Libris” o seu libro “O Villa de Pitanxo. Misterios dun naufraxio” (Editorial Again, 2024)

En véspera do terceiro aniversario (15 de febreiro) da con-

siderada como a “peor traxedia da pesca galega en medio século”, o libro é unha homenaxe aos mariñeiros que faenan a bordo deste arrastreiro de Marín, unha reivindicación lexítima aos responsables das perdas humanas así como unha contribución sobre o imaxinario social e o patrimonio marítimo cultural en Galicia.

## Sumar defenderá os intereses do rural galego

Portavoz de Sumar no Congreso, Verónica Barbero, e o portavoz municipal e ex alcalde de Mondariz, Xoan Carlos Montes “Calis”, mantiveron unha xuntanza de traballo para coñecer de primeira man algunhas necesidades das vilas e Concellos rurais galegos e levar iniciativas ante o Congreso, o Parlamento Europeo e o Goberno.

Unha das medidas é a solicitude de redución do IVE para obras de rehabilitación do patrimonio, que facilitará o cumprimento da obriga de manter o patrimonio, dando así pe á súa utilización



para aproveitamentos públicos e un turismo cultural máis sostible. Así mesmo, búscase reformar a Lei de Bases de Réxime Local

para favorecer a gobernabilidade dos Concellos, evitando que motivacións políticas paralicen a actividade ordinaria.

**MiXturas**  
CASA DE COMIDAS  
*Justicia y Bono*  
686 321 683 - Mondariz Baleario

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**  
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO  
POLLOS POR ENCARGO  
DROGUERIA  
FERRETERIA  
JARDINERIA  
BEBIDAS  
SULFATOS  
INSECTICIDAS  
BUTANO  
VENTA DE PLANTAS  
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Blona**  
CIMEROUCES N°8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

**Carlos PELUQUERO**  
Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

**TRIFOLIUM INGENIEROS**  
Luis Gelpi Álvarez  
INGENIERO AGRÓNOMO  
Colg. G834  
Alcalde Daniel Ojea, 10 bj  
PONTEAREAS  
653 047 430 / 886 216 505 | lgtrifolium@gmail.com

**papelón con LIMÓN**  
BRUNCH & BAR  
BRUNCH  
TOSTAS  
TAPAS  
AREPAS  
BURGERS  
Rúa Reveriano Soutullo, 7  
36860 Ponteareas, Pontevedra  
www.papelonconlimon.es | 623 530 294

**TEASEGUROS**  
Corredora Rosa Domínguez  
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas  
986 641 623 - 696 379 393



## “Luz verde” para o parque empresarial do Vieiro

O Pleno do Concello da Cañiza aprobou o Protocolo de colaboración co Consorcio da Zona Franca de Vigo para establecer as bases da colaboración das dúas institucións para a implantación e o desenvolvemento do parque empresarial do Vieiro nunha superficie aproximada de 955.311 m2.

Zona Franca promoverá ante a Xunta a tramitación dun Proxecto de Interese Autonómico (PIA), solicitando que este proxecto sexa declarado de interese autonómico. Pola súa parte, o Concello coad-



xuvará co CZFV ante o órgano competente da Xunta aportando toda a documentación necesaria para acadar esta declaración.

## Luis Piña será tamén deputado no Congreso

O Alcalde da Cañiza, Luis Piña, converterase o 11 de febreiro en deputado no Congreso pola provincia de Pontevedra, trala renuncia ao escano presentada pola tamén rexedora de Silleda, Paula Fernández.

Piña era o quinto na candidatura socialista pontevedresa nas últimas eleccións xerais e volve ao Congreso onde xa estivo no segundo mandato de José Luis Rodríguez Zapatero. “Coñezo ben



a mecánica de funcionamento e sei que podoo compatibilizalo coas obrigas da alcaldía e, ademais, estou determinado a aproveitar esta oportunidade a prol da veciñanza”, asegurou.

## Reparacións viarias polas choivas

O Concello da Cañiza destinou 127.180,19€ para a construción de muros de contención e arranxo de viais na Xesteira- Senande e Laxas en Petán e na Costa de Oroso para asegurar as pistas municipais tras os temporais de choivas de 2022-2023, grazas a unha achega da Deputación de 122.051,95€.

A reforma adjudicouse a empresa Construcciones Fechi S.L. por un importe de 116.400,95 €. O máis importante foi o da Xesteira



onde foi necesario estabilizar un gran talud coa construción de 4 grandes muros de contención de mampostería.

## O cañicense Sergio Costas, bronce no balonmán infantil



O Alcalde Luis Piña recibiu ao xogador Sergio Costas, de 13 anos, tras gañar a Medalla de Bronce coa Selección Galega Infantil Masculina, no Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA) celebrado nas localidades catalanas de Blanes, Lloret de Mar, Calella, Malgrat de Mar, Mataró e Pineda de Mar, do 2 ao 7

de xaneiro.

Na recepción, na que estiveron os familiares, adestradores, xogadores e directivos do seu equipo no Club Balonmán Cañiza e afeccionados, o Alcalde entregoulle unha medalla do Concello en agradecemento e recoñecemento ao esforzo e mérito deportivo amosado e por dar visibilidade ao Municipio da Cañiza.

## Compromiso co balonmán



Durante a primeira sesión do ano do pleno do Concello aprobouse por unanimidade o convenio de colaboración co balonmán da Cañiza. Este é o 4º convenio que prorroga a colaboración suscrita por primeira vez con carácter oficial en 2022 e que se resume na achega de 20.000 euros para a anualidade 2025, a abonar en

12 cuotas de 1.666,67€ ao mes, os días 15 de cada mes.

O Convenio tamén recolle o dereito a utilizar e explotar o pavillón Carballo do Marco e a posibilidade de poder instalar establecementos nos festexos locais para obter ingresos, destinados a sufragar as tempadas deportivas, sen ter que aboar ningunha taxa ao Concello.

**ELECTRICIDAD**

**BOUZA**  
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN  
Instalacións en xeral  
Reparacións  
Instalación de sonido  
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7  
Telf. y fax: 986 641 565  
PONTEAREAS

**acero plus**  
impresión digital  
IMPRESIÓN · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61  
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.  
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com  
info@aceroplusdigital.com

**Ferretería**

**Julio Pérez Giraldez**

Tel/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558  
julloperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81  
36880 A CAÑIZA

## CONDADO/PARADANTA - LOURIÑA

## “Enjoy Travel Group” promoverá os atractivos da Cañiza, O Covelo e Balneario

No marco da súa visita á Feira Internacional de Turismo de Madrid, os Alcaldes da Cañiza, Luis Piña; de Mondariz Balneario, César Gil; e do Covelo, Pablo Castillo, anunciaron que formarán parte da oferta cultural e turística da operadora internacional “Enjoy Travel Group” a partir deste 2025. A empresa ofertará conxuntamente neste ano os activos turísticos da Cañiza, Covelo e Mondariz Balneario para atraer viaxeiros e dinamizar o noso territorio. A empresa ten máis de



20 anos e oficinas de representación en máis de 11 países, presentes en América, no Caribe e en Europa.

## Adquisición de 1.000m2 para humanizar o Centro Social do Porriño

O Alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo asinou cos respectivos propietarios a compra de tres parcelas na contorna do centro social para completar o proxecto de humanización e creación dunha gran zona verde no centro urbano que unirá as rúas Pío XII e Antonio Palacios.

Os contratos de adquisición dos terreos foron dun importe total de 213.081 euros. A superficie que abranguen as tres parcelas suman 933,6 metros cadrados e serán claves para continuar as obras xa en marcha e que suporán a consecución deste gran



espazo público. Este proxecto consiste na creación dun gran espazo público pensado para dar prioridade á mobilidade peonil e

máis importancia ás zonas verdes, ao tempo que se limita o paso de vehículos.

## XXX Festa da Lamprea Seca

O Concello de Arbo convocou ao concurso de carteis para a celebración da XXX Festa da Lamprea Seca que terá lugar do 8 ao 10 de agosto de 2025. Poderán pre-

sentarse como máximo dous carteis por participante. O prazo de entrega finaliza o 28 de febreiro.

Se establecen os seguintes premios: 1º Premio: 400,00 euros; 2º Premio: 300,00 euros.

## Aforro enerxético con +Renovables

O deputado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos e Finca Areeiro da Deputación de Pontevedra, Javier Tourís, visitou xunto co Alcalde de Arbo, Horacio Gil, a oficina móbil dentro do programa +Renovables, para descentralizar os servizos que se prestan na Oficina de Transformación Comunitaria (empresada no Viveiro de Empresas de Barro) para implicar os Concellos de menos de 50.000 habitantes nos retos da sostiabilidade.

O programa está dotado de



750.000€, 500.000 € deles de fondos europeos. A Oficina de Transformación Comunitaria do programa +Renovables ten un orzamento de 370.000 euros e está financiada con fondos europeos NextGenerationEU.

## Nova sinaléctica na Vía Mariana

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, visitou a localidade de Parada onde transita a Vía Mariana para supervisar a colocación dun novo panel informativo no marco da colaboración que mantén o Concello coa Asociación da Vía Mariana. A sinaléctica anuncia o fin da etapa 6 e o inicio da etapa 7 en Parada, cun investimento de 327,55€ que se suma



á sinaléctica da etapa 7 que percorre a ruta polo Santuario da Franqueira, con outros 408,39€ de coste.

# PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

+55

Pompas Fúnebres del Condado

(10 de novembro 2024)

Gracias

## Un novo Auditorio Municipal como referente cultural

O Concello do Porriño comezou as obras de construción do futuro auditorio municipal, cun orzamento próximo aos 2,7 millóns de euros e un prazo de execución de 20 meses ata o 2026. O alcalde, Alejandro Lorenzo, destacou a importancia desta obra deseñada para situar ao Porriño como un referente cultural.

O novo auditorio situarase na parte traseira do actual Centro Cultural e ocupará tamén o solar contiguo. Terá capacidade para 340 persoas, cun deseño flexible que inclúe 184 butacas en bancadas retráctiles e 156 fixas, adaptándose así a diferentes tipos de



eventos. O proxecto destaca pola súa cuidada acústica e a calidade dos seus materiais. Ademais, contará con dous accesos, un desde o Centro Cultural Municipal e outro dende a rúa Xosé Fernández López.

## Apoio aos traballadores de Levantina



O Alcalde Alejandro Lorenzo reuniuse este 21 de xaneiro con representantes do Comité de Empresa de Levantina, a Directora da Oficina Económica de Galicia, Natalia Barros Sánchez, e o Secretario Xeral de Emprego e

Relacións Laborais da Xunta de Galicia, Pablo Fernández López para amosar o seu apoio aos traballadores e abordar o impacto social e laboral derivado do recente anuncio do cese de actividade industrial no Porriño por parte desta empresa.

## Adaptación da avenida Domingo Bueno ao PXOM

O Pleno do Concello do Porriño acordou por maioría absoluta, con 17 votos a favor e 2 abstencións, a aprobación provisoria dunha modificación puntual do PXOM para adaptar a aliñación establecida no planeamento vixente á realidade existente no tramo comprendido entre os números 24 e 60 da Avenida Domingo Bueno, unha demanda histórica.

O PXOM establece unha distancia de 16,50 metros ao eixo do vial fronte ao que se sitúan, ao mesmo tempo que delimita un fondo edificable de 11 metros seguindo a liña da edificación



existente. Isto xera unha contradición incompatible que a presente modificación busca resolver, fixando a aliñación na liña da edificación consolidada existente.

## O BNG pide prioridade peonil na contorna do Centro Social

O voceiro do BNG, Pedro Peira, pediu ao goberno de Alejandro Lorenzo "valentía" e "prioridade peonil" nas rúas Manuel Rodríguez e Pío XII para conectar Pío XII con Antonio Palacios no marco da primeira fase do proxecto de reforma da contorna do Centro Social, eliminando así "o tráfico de vehículos no centro da vila e reordenar a circulación no centro". Instou igualmente ao Concello a realizar "un estudo máis



meticuloso da política en materia urbanística".



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

# Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*

## LOURIÑA

### O IES Ribeira do Louro triunfa en Suecia

O Concello do Porriño honrou aos alumnos e alumnas do IES Ribeira do Louro que se proclamaron gañadores do concurso internacional de emprendemento "International Dragon's Den", celebrado o pasado 20 de novembro en Malmö (Suecia) e organizado polo Af-färslymnasiet, unha recoñecida escola de negocios sueca.

O equipo galego, composto por Beatriz Samunto, Nuria González, Noa Rodríguez e Sergio Lage, alzouse co primeiro premio grazas ao seu innovador proxecto "Greenpocket Solutions - Eco Snack Bag", un envase 100% bio-



degradable que soluciona os problemas medioambientais xerados polas cáscaras dos froitos secos cando se tiran ao chan durante o seu consumo. No acto de homenaxe tamén estivo presente Román Rodríguez González, Conselleiro de Educación da Xunta.

### 175.000€ para as traídas de augas

O alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo anunciou que o Concello vén de conceder 175.000 euros en axudas ás comunidades de augas do municipio, destinadas correspondentes á convocatoria de 2024, distribúense en dúas liñas principais, cunha achega máxima de 8.000 euros por comunidade.

Entre as comunidades beneficiadas atópanse as Comunidade de augas de Cruz, Vitureira, Ca-



sal-Chan-Orbelle, Rozadas-Eiris, rracido, Chenlo, Torneiros, Mosteiro, O Cerquido, Vaquería, A Devesa, Centeáns e A Graña.

### Roteiro inédito no Festival de Cans

O Festival de Cans, cuxa XXII edición terá lugar entre o 20 e 24 de maio, estreará nesta edición un novo roteiro cinéfilo-literario pola aldea, partindo dun novo libro da recoñecida escritora de literatura xuvenil Iria Misa, "Unha veciña de película: a excursión a Cans", cuxa trama acontece durante o Festival de Cans e que será publicado a mediados de febreiro



por Edicións Xerais.

A trama discorre por diferentes lugares reais da aldea e espazos icónicos de Cans coma o Torreiro das Estrelas, o Can de Pedra ou o Muro dos Chimpíns, e durante os días do festival axudará a proxectar entre os estudantes a singularidade de Cans e o valor da cultura nos entornos rurais, á vez que promove a lectura entre os máis novos.

### Novo vertedoiro ilegal en Budiño



O BNG denunciou a existencia dun vertedoiro ilegal de rodas e de 100 metros de lonxitude nas Gándaras de Budiño e advirte desleixo na política ambiental do PP do Porriño. O vertedoiro sitúase a poucos metros do Camiño Portugués e nun Hábitat de Inte-

rese Prioritario, que ten a máxima protección ambiental, por ser un dos escasos "bosques asolagados" que ten o noso territorio. Denuncia o BNG que o goberno de Alejandro Lorenzo foi informado polo concelleiro Marcelo Rodríguez mais a resposta está a ser a inacción ambiental.

### Malestar polas notificacións sobre o tratamento da biomasa

O BNG do Porriño esixe ao Concello rectificar o procedemento para tratar a biomasa en propiedades privadas ante as recentes notificacións certificadas polo goberno municipal nas que urxe o tratamento da biomasa do terreo.

O Concello asinou un convenio

municipal que lle permite actuar nas faixas secundarias de alto risco de incendios visitando as parcelas, a través da empresa SEAGA. O BNG alerta do malestar na veciñanza ante a ausencia de información, a escasa calidade desta e os prazos reducidos de execución das limpezas para evitar sancións.

### O Festival de Cans, entre os mellores de Galicia

O informe anual da Fundación Contemporánea reconece ao Festival de Cans, que celebrará a súa XXII edición do 20 ao 24 do vindeiro mes de maio, entre as 15 gran-

des insignias culturais de Galicia en 2024. Esta prestixiosa entidade privada de referencia na análise da cultura en España realizou en Málaga esta presentación.

## Acordo definitivo para a Cidade Deportiva Afouteza

O Real Club Deportivo Celta de Vigo e a Comunidade de Montes de Tameiga oficializaron públicamente o seu acordo que pon fin a anos de litixios xudiciais e abre a porta a culminar de forma efectiva o proxecto internacional Galicia Sports 360 e da Cidade Deportiva Afouteza en Mos.

Na súa web, o Celta defendeu a legalidade deste proxecto "mantendo o contido da cualificación de Declaración de Interese Autonómico (DIA) Pola súa banda, o Concello de Mos, en palabras da



súa Alcaldesa, celebrou igualmente este acordo produto dun "diálogo frutífero moi positivo" porque "a cidade deportiva do Celta e o GS360 son unha das maiores oportunidades históricas para Mos".

## "A Biblioteca a túa porta"



Alcaldesa de Mos Nidia Arévalo e a concelleira de cultura, Sara Cebreiro, anunciaron, a posta en marcha do proxecto "A Biblioteca a túa porta" unha iniciativa que busca facer chegar a cultura a quen máis a precisa, eliminando barreiras físicas e fomentando o

acceso inclusivo aos recursos da biblioteca.

O proxecto que parte do departamento da Biblioteca Municipal María Magdalena está dirixido a persoas maiores e a aquelas con mobilidade reducida que, debido ás súas limitacións físicas, non poden acudir á Biblioteca.

## En Mos o teñen claro: "non á nova A-52"

Coa aprobación por unanimidade dos votos do PP e do BNG e a abstención do PSdeG-PSOE, o pleno extraordinario celebrado o 31 de xaneiro no Salón de Sesións da Corporación Municipal confirmou a vontade da maior parte do tecido político e asociativo mosense de deixar sen efecto o novo proxecto da autovía A-52 que pretende levar a cabo o goberno de Pedro Sánchez.

Neste pleno extraordinario debatéronse as alegacións contra o Expediente 5529/2024. Proyecto: "Autovía A-52. Tramo: O Porriño-Vigo Provincia de Pontevedra" Clave: 12-PO-4240 que leva a cabo o goberno central.

Tanto no pleno municipal coma na posterior concentración cidadá



convocada pola plataforma DefendeMos pesiuse a liberalización inmediata da peaxe do tramo O Porriño-Puxeiros da AP-9, coma solución para a diminución do tráfico na actual A-55 e nova alternativa ao trazado da A-52

pola grave afección que provocará nas parroquias de Sanguñeda, Petelos, Pereiras e Tameiga. Estas reclamacións foron realizadas con anterioridade no Parlamento de Galicia e na Deputación Provincial de Pontevedra.

## Centro de Capacitación Dixital



Edificio da Axencia de Colocación de Mos acollerá o Centro de Capacitación Dixital con actividades formativas en Marketing, en Carpintería e outras disciplinas como programación e robótica.

Cada curso ten un total de 30

horas lectivas de marcado carácter práctico cun programa formativo que se corresponde cos contidos das competencias do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (SNCFP), o que permitirá ao alumnado a súa acreditación oficial no mesmo.

## O turismo como valor socioeconómico

Vanessa Ucha, a concelleira de Turismo do Porriño, destacou que máis de 4.000 visitantes, a maiores dos máis de 95.000 peregrinos, pasaron polo municipio dinamizando o comercio local así como

a celebración de eventos culturais e festas locais que valorizan o patrimonio. Destacaron entre estas a Festa Apícola, a Festa do Peregrino e Turismo, a Festa do Pan e as Alfombras do Corpus.

## Autodefensa feminina

O Concello do Porriño volve organizar o Curso de defensa persoal feminino e aspectos xurídicos coa presenza do Maxistrado D. Juan José Tras-horras. A actividade levarase a

cabo nas instalacións do pavillón municipal os sábados 8 de febreiro, 8 de marzo, 26 de abril e 10 de maio, en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas.

Por outra banda, a Concellería

de Igualdade Carolina González anunciou a celebración do Curso de Saúde os martes 18 e 25 de febreiro e 11 de marzo no Centro Cultural Municipal.

CONFITERIA

# Regino

Nova gama de produtos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Especialidade en  
rosquillas e melindres

**Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas 986 640 834**

## ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Pontareas - Pontevedra  
Tel: 886 155 341 / 698 190 794  
Info@gruposalong.com www.gruposalong.com

## LOURIÑA

### Mesa Local contra a Violencia de Xénero

O Concello de Salceda acolleu a Mesa Local sobre Violencia de Xénero, presidida pola Alcaldesa, Loli Castiñeira, e con asistencia de M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez, responsable da unidade de violencia de xénero da Subdelegación do Goberno, Roberto Barba, Director Xeral de loita contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia, representantes da corporación municipal, Garda Civil e Policía Local, ademais de representación do tecido social, educativo e sanitario como os tres centros de ensino públicos, o centro de saúde, os departamentos de servizos sociais e



atención temperá, a asociación de mulleres rurais Caselas, a ACDE Treze-Catorze e a Asociación Veciñal Santo Tomé.

Por formar parte do sistema Viogén, o Concello de Salceda

recibe cada ano máis de 10.000€ dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, destinándoo a diferentes campañas e programas de visibilización e apoio ás vítimas.

### Reencontro da Cultural Veterana

O Auditorio Municipal de Salceda acolleu a actuación da Cultural Veterana, unha agrupación de instrumentistas que formaron parte da Banda Cultural de Salceda, ou que permanecen na mesma cando menos dende fai 20 anos.

O concerto, que se celebrou con dobre sesión pola grande demanda de público, estivo dirixida por Francisco Pérez, quen fora director da Cultural entre os anos 1996 e 2004, e reuniu a 86 instrumentistas. Durante o concerto



fíxose un repaso por máis de 40

anos da banda, con anécdotas e lembranzas de diferentes momentos, como a histórica xira por Argentina e Brasil do ano 1993, ou os ensaios no monte das Curuxeiras para aprender a desfilas, e para os cales se contaba coa presenza dun militar a modo de instrutor. O momento máis emotivo da noite foi sen dúbida a interpretación da marcha "Chimo", que serviu para lembrar aos cinco músicos xa falecidos, todos eles sendo moi novos, coa proxección das súas fotos durante a peza.

### Ampliación de espazos para a veciñanza



O Concello de Salceda traballa xa na adxudicación do contrato de redacción do proxecto da nova rúa que pretende abrir entre a Praza do Concello e a Rúa Brasil. A Alcaldesa e encargada do departamento de urbanismo, Loli Castiñeira, aposta nesta ocasión porque sexa un traballo conxunto entre Rubén Martín Vázquez Pérez e Mun arquitectura, ambos con ampla experiencia no urbanismo de Salceda de Caselas.

Para financiar a redacción deste proxecto, dende o Concello vai presentar solicitude ao

abeiro da liña 4 do Plan Máis Provincia 2025, para o cal Salceda conta con un total de 18.635,01€. O obxectivo é que sexa unha rúa de prioridade peonil en todo o seu percorrido, no que se permita o acceso só ao tráfico rodado mínimo indispensable, basicamente para acceso ás novas garaxes que se poidan construír na zona e para os servizos de emerxencia.

O Concello agarda agora que dende a Deputación de Pontevedra se axilice a concesión da liña 4 do Plan Máis Provincia para que o proxecto sexa unha realidade canto antes.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!  
MEJORAMOS EL PRECIO  
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y  
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO  
SIN COMPROMISO**

**633 60 12 57**

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño  
986 33 14 30  
633 60 12 57  
jose Luis Bugarin@agencia.aaa.es  
segurosbugarin@gmail.com

**GA**  
**ORGASERCO, S.L.**  
ORGANIZACION E ASSESORAMENTO  
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil  
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87  
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

**NL**  
**Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.**  
CORREDURIA DE SEGUROS  
carlos@hnos-nunez.com

**ASEFISLA**  
**SALCEDA S.L.**  
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS  
paulo@asefisia.com

**Salceda de Caselas.** Pz. Concello, 14  
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136  
**Salvaterra de Miño.** Rúa Galicia, 14  
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358  
**Tui.** Travesía Foxo, 4  
986 601 539 - 609 765 228  
**Vigo.** Avda. Gregorio Espino, 3  
986 265 000 - 608 333 992  
**O Porriño.** Avda. Galicia, 38  
986 339 787 - 615 381 878

## “Esta será a lexislatura da ‘segunda transformación’ de Salceda”

O Centro Social A Devesa acolleu o primeiro almuerzo informativo sobre o ano e medio “de intenso traballo” do goberno municipal que leva adiante Movemento Salceda (MS) a través dos seus representantes, a Alcaldesa Loli Castiñeira e o/as concelleiro/as Selene González Luís, Marcos Troncoso Estévez e Alejandro Rodríguez. Con prioridade na “xuventude e o saneamento”, Castiñeira asegurou que esta lexislatura ata 2027 será a “segunda transformación” para Salceda.

MS informou que está traballando na redacción dos Orzamentos 2025 dotados de case 7 millóns de euros “equilibrados, con fondos propios” e unha “contención de gasto” sen desatender as axudas sociais.

Entre os logros destacaron a



ampliación do IES Pedras Rubias e as negociacións para conseguir o bacharelato; o aforro enerxético co cambio de iluminación LED, a recuperación do espazo público da Carreira do Rollo e a aposta polo deporte. En canto aos retos agardan alcanzar o galardón das Catro Flores para Salceda no marco do Certame Vilas en Flor; crear a Ruta Gastronómica dos Callos; re-

cuperar a Gala do Deporte; un Concurso de Ideas para a ampliación do Auditorio Municipal; a aposta pola vivenda social, o saneamento e a humanización urbana, o programa Axente Titor coa Policía Local e a continuidade da Atención Temperá, do SAF e do programa “Xuntas” cos Concellos das Neves e Salvaterra, entre outros.

## PSOE: “En Salceda hai un desgobierno”

Mediante comunicado, o PSdeG-PSOE de Salceda puxo as súas “liñas vermellas” ao goberno de Loli Castiñeira (Movemento Salceda, MS) co respecto á aprobación dos Orzamentos 2025 pedindo un “proyecto serio” e que se cumpran os termos do Acordo de Investidura.

Pedindo “respecto” ao labor dos seus concelleiros Xurxo Gregorio e Saúl Olmo, os socialistas responderon ás declaracións de Castiñeira publicadas en medios de comunicación co respecto a súa relación co PSOE: “O sentir da agrupación e do grupo municipal socialista non é precisamente o da mellora na relación co grupo de goberno de MS. A nosa militancia esta preocupada polo im-



perante desgobierno no que está a caer Salceda”.

Criticaron que MS “non goberna e dedícase a apuntarse logros do noso partido na anterior lexislatura” entón liderada pola ex Alcaldesa e actual secretaria xeral Verónica Tourón. Entre eses logros destacaron a reparcelación do Polígono II do PERI, o centro de

saúde e a ampliación do IES Pedras Rubias, entre outras. Tamén criticaron a “propaganda” en iniciativas como a campaña “Salceda Móvese” e a recuperación da Praza de Abastos pedindo tamén “unha política económica máis transparente” e a “eliminación dos gastos supérfluos coma os de publicidade”.

## 18.000€ para comparsas do Entroido do Porriño

Tras publicar as bases do desfile de comparsas do Entroido, o Concello do Porriño destinará 18.000€ para premios de participación, 3.000 euros máis que en 2024.

O importe de cada premio determinarase segundo o número de compoñentes da comparsa: 300€ para aquelas de 12 a 19 integrantes; 500€ para as compostas por entre 20 e 39 persoas; 800€ para as de 40 a 55 compoñentes, 1.000€ para as de 56 a 85 integrantes; e aquelas de



86 compoñentes en adiante a contía entregada será de 1.200€. O testamento da sardiña será redactado polas comparsas.

## O CIM atendeu 248 consultas sobre violencia machista en 2024

O Centro de Información á Muller (CIM) do Porriño rexistrou este pasado ano un total de 1.094 consultas, das que 248 foron especificamente sobre violencia de xénero, o que representa un aumento significativo con respecto a anos anteriores: en 2023 foron 170 os casos rexistrados.

En 2024, o CIM abriu 81 novos expedientes, a maioría deles relacionados con vítimas de violencia machista. As consultas abrangueron desde dúbidas sobre o procedemento de denuncia ata a necesidade de información sobre axudas económicas ou alternativas de vivenda.

## Conexión á rede de saneamento

Cinco son as primeiras vivendas beneficiarias da liña de axudas para a instalación de sistemas de bombeo individual convocada polo Concello do Porriño, recibindo cada unha delas ata 2.000 euros para executar as obras que suporán o enganche da súa vivenda á rede de saneamento do Louro.

Trátase de vivendas situadas topograficamente por debaixo da rasante do viario polo que discorre dita tubaxe. Os beneficiarios percibirán ata o 80% do importe total concedido como



antecipación de fondos, mentres que o 20% restante abonarase unha vez que se acredite o cumprimento da obra.

**Gestor Ambiental y Técnico en Obras**  
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

**Talleres Guiller Motor**

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)  
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehiculos usados

SPG TALLERES

**Dietsana**  
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/ Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

## As expropiacións da PLISAN afectan a cen propietarios de Salvaterra e As Neves

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia emitiu o pasado 20 de xaneiro unha resolución definitiva na que se aproba o proxecto de expropiación forzosa de bens e de dereitos para a construción do apartadeiro ferroviario da PLISAN. O obxectivo é unir directamente os 35 quilómetros que separan ao porto de Vigo coa PLISAN en 42 minutos a través da estación viguesa de Guixar, evitando así a saturación da A-52. O proxecto agarda finalizar a finais de 2025.

Esta medida da Xunta afecta aproximadamente a un centenar de propietarios de Salvaterra e das Neves. A superficie a expropiar son unas 120 parcelas e ascende



a 6.823m<sup>2</sup> dos 60.000m<sup>2</sup> de explanada da PLISAN. A Xunta abriu un prazo de 20 días dende a notificación individualizada da resolución publicada no BOE para que os propietarios presenten a súas alegacións, en particular as que teñen que ver co valor real desas propiedades.

A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial citou para os días 24 e 26 de febreiro aos propietarios afectados polo levantamento das actas de pago e de ocupación. Os propietarios de Salvaterra deberán acudir á Casa da Cultura e os das Neves ao Salón de Plenos do Concello.

## Gonzalo Caballero: "Besteiro quiere perpetuar un PSdeG de baronías"

De cara ao Comité Nacional Galego do PSdeG en marzo, o ex secretario xeral Gonzalo Caballero (2017-2021) advertiu do novo retroceso cara o que se encamiña o partido á vista da proposta de Estatutos do actual secretario xeral José Ramón Gómez Besteiro que, na súa opinión, supón un "asalto á militancia" para "perpetuar un modelo de baronías".

"Cómpre un PSdeG revitalizado para un novo tempo", defendeu Gonzalo Caballero, quen sinalou que, "con ese modelo de partido do vello aparato", o socialismo gallego acadou "os peores resultados históricos. "As baronías do PSdeG queren manter ese modelo para perpetuarse, reducindo



o papel da militancia, o debate e a participación", concluíu o socialista vigués.

## Zona Franca ampliará naves na PLISAN

O Comité Executivo da Zona Franca de Vigo deu o visto e prace á contratación da redacción do anteprojecto, proxecto básico, proxecto de execución e dirección para a construción das novas naves modulares que o Consorcio construírá na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN). Esta adquisición supoñerá unha superficie de preto de 42.000 m<sup>2</sup> que unirase aos case 90.000 m<sup>2</sup> de superficie de naves que a Zona Franca ten en Bouzas, Balaídos, A Granxa, PTL e Porto



do Molle e que están ocupados ao 100%.

Por outra banda, o Comité Executivo tamén aprobou a firma dun convenio coa Fundación MAR-

CO para establecer a colaboración no asesoramento, estudo e detección de obras de arte por parte da institución museística para a súa adquisición polo CZFV.

## Camelias e moda no Castelo de Soutomaioir

A Deputación de Pontevedra organiza para os meses de febreiro e marzo unha ampla programación en torno ás primeiras visitas guiadas temáticas polos xardíns do Castelo de Soutomaioir para descubrir as camelias e a súa relación co mundo da moda para o público xeral e escolar. O programa conta con obradoiros, contacontos e incluso un street escape.



# Colexio Pluriligüe LA INMACULADA

Dende 1905 en Pontearreas

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Aula matinal de 7:30 a 9:00  
Comedor escolar  
Actividades Extraescolares

Teléfono 986 640 065  
www.colexioinmaculada.com

Aberto prazo de solicitude de matrícula  
Do 1 ao 20 de marzo

PROGRAMA ERASMUS PARA O PROFESORADO  
INTERCAMBIOS ERASMUS+ PARA O ALUMNADO

Erasmus+